



Finca Casal Sanesteban, fiadora de la

# "Teño a esperanza de que algún dos meus fillos non deixen perder este oficio"

Finca Casal Santesteban, artesá afincada en San Sadurnino, fia e traballa a la como lle aprenderon de nena, ao mesmo tempo que loita porque non se perda o oficio da súa familia, e sexa recoñecido como oficio artesán.



Finca Casal fiando na súa casa



Carda de monecas feita integramente coa la de ovella

Mercedes Cebrían Pérez,  
Técnica Da Asociación De Artesáns Do Eume

Finca Casal Sanesteban, comezou a fiar na la desde pequena, aprendeu da súa avoa e da súa nai a realizar todo o proceso da la, desde a rapa ata o tecido; elas aprenderonlle todos os segredos deste oficio.

Este oficio era aprendido sobre todo por mulleres do contexto rural, a dedicación a esta actividade era parcial e regular, practicábase durante toda a vida, no tempo que

elles deixaban libres outras actividades. Estamos a falar dun oficio individual no que era frecuente que varias mulleres se xuntaran para fiar.

A preparación do fio era considerada unha actividade doméstica porque o taller non existía, xa que se pode fiar en calquera recuncho da casa: de pé, sentada e cando ían ao muíño ou a alindar as vacas.

Esta actividade estaba asociada ao pastoreo, polo subministrado da la de ovella, moitas fiandeiras per-

tencían a familias de pastores. Hai moitas referencias populares sobre a actividade de fiar a la e de feito, en Galicia, existen festas populares tradicionais que recollen esta actividade como a "Festa da Fia" en Baio (A Coruña).

A la de ovella foi moi empregada desde a antigüidade, pois era a materia téxtil que se tiña máis a man. A materia prima que emprega Finca Casal é a la das súas ovelas, podendo distinguila segundo a cor, a calidade ou a raza das mesmas.

## Ferramentas

As ferramentas fundamentais que emprega son: a tesoiro, o fuso, a parafusa, as cardas, o sarillo, a debadoira, a máquina de fiar, o gancho, as agullas, "a horquilla",...

Comezou a vender as prendas confeccionadas por ela hai nove anos. Os seus clientes encarganlle prendas de todas as clases e ademais aproveita os refugallo facendo figuras de fieltro.

Vai a todas as feiras ás que a invi-



tan, nelas realiza demostracións do seu oficio e das súas habilidades.

Finca Casal Sanesteban leva anos loitando para que este oficio non se perda e está disposta a aprenderlo a quen lle interese, ela quere manter un dos oficios máis antigos e importantes ao longo da Historia. Son as raíces da súa familia e ten a ilusión de que algún dos seus continúe co traballo. Ela sempre di: "Teño a esperanza de que algún dos meus fillos non deixe perder este oficio".

## Oficio artesán

No seu empeño de que o proceso da la, se recoñeza como oficio artesán (como ganchillar ou tecer), asistiu a un programa da TVG, para defender a súa postura, e mesmo recoilleu para este fin máis de 800 sinaturas.

Neste momento foi denegado este recoñecemento, pero ela pensa seguir loitando e pide que toda persoa interesada lle axude a conseguilo, poñéndose en contacto con ela ou coa Asociación de Artesáns do Eume, cuxa sede está no local de EuroEume, nas Pontes.



## Proceso artesanal da elaboración da la

**O rapado.** En primavera ou primeiros de verán rápanse as ovelas e de cada unha delas obtense unha rapa, que se fai cunhas tesoiras. As rapas sepáranse en dúas moreas segundo sexa a cor branca ou negra.

**Lavado.** Lávase con auga quente e un desengraxante. Aclárase en moitas augas ata que quede ben limpa. Despois ponse a secar ao sol, nun tendal.

**Escarpizado.** Despois da seca, xa na casa, a la hai que escarpeala, poñela aberta e esponxosa. Pódense coller dúas cestiñas, que se sitúan unha a cada lado dos brazos, a da esquerda chea de la e a outra baleira. Vaise collendo pouco a pouco a la da esquerda coas mans, alargándoa e refregándoa para abri-la e deixala no cesto da dereita.

**Cardado.** Unha vez escarpizada a la, hai que cardala usando as cardas, que son cepillos de pugas de ferro feitas cunha táboa, onde van cravadas as puntiñas, e remata-

dos nun mango. A la ponse nunha carda e vaise estirando coa outra carda moitas veces ata que quede ben cardada.

**Fiado.** É posible fiar simplemente cos dedos, pero para facelo con maior exactitude e rapidez emprégase o fuso. O fuso de man na súa forma máis simple é un anaco de madeira alongado e redondeado, que vai adelgazando cara a punta, leva unha peza redonda de contrapeso e un pau cun pequeno disco no seu extremo. O disco ou voante sole ser de madeira.

A la átese ao fuso e envólvese a medida que vira a roda. A fiandeira vai engadindo pouco a pouco máis fibras. O fuso sóese suxeitar no mandil para impedir que se mova. Unha forma máis sofisticada de fuso, aínda que tamén moi antiga, é a máquina de fiar que incorpora unha roda, un pedal ou manivela e unha pequena debadoira.

**Torcer.** Faise coa parafusa, que é un pau cun círculo de madeira que ten nun



extremo un cáncamo. Cóllese dúas mazarocas, xúntanse, faise un nobelo e tórcese.

**Enmadeixado.** Collemos os nobelos de la e vámoslos envolvendo no sarillo para facer as madeixas.

**Tintura.** A la pódese tinxir, darlle a cor que se queira. Para que quede ben é recomendable que estea un pouco frouxa. Bótase a tintura nunha pota con auga, ferveuse arredor de media hora, despois aclárase ben con auga e ponse a secar á sombra.

**A Debadoira.** Unha vez tinxida e enmadeixada, a la pasa á debadoira, facendo un novo nobelo. Agora xa temos a la preparada para facer todo tipo de prendas.

**Confección.** Unha vez rematado todo o proceso e xa cos nobelos, fai prendas como mantas de viaxe, colchas, chaquetas, alfombras, chalecos, calcetíns, peúgos, chales, bolsos ou cadros de todas as cores.



A confección, rematado todo o proceso, a la está lista para calcetar, ganchillar, etc.